



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE MONFERO O DÍA VINTE E SEIS DE NOVEMBRO DE DOUS MIL VINTE E CINCO (42/2025)

Na Casa do Concello de Monfero, ás doce horas e vinte e sete minutos do día vinte e seis de novembro de dous mil vinte e cinco, en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Primeiro Tenente de Alcalde, D. Alberto Cortizas Rejo, en funcións de Alcalde por enfermidade do Sr. Alcalde, D. Andrés Feal Varela, reúnen os Sres. Concelleiros: D. José Grueiro Torrado e D. Ramón Grueiro Martínez, para o efecto de celebrar a sesión ordinaria convocada para ese día ás doce horas.

Actúa como secretario o que o é da Corporación, D. Baldomero Beceiro Alonso.

Os asuntos da orde do día son os seguintes:

- 1.- Aprobación da acta da sesión do día 21 de novembro de 2025
- 2.- Solicitud axuda emerxencia social
- 3.- Xustificación de subvención nominativa
- 4.- Declaración deserto procedemento de contratación
- 5.- Contratos menores
- 6.- Aprobación da relación de facturas núm. 061XRRSEad/2025

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO DÍA 21 DE NOVEMBRO DE 2025

O Sr. Alcalde en funcións pregúntalles aos asistentes se teñen que facer algunha alegación á devandita acta, que, como está acordado, se publicou no Taboleiro de Anuncios Electrónico do Concello con anterioridade á convocatoria desta sesión, e non formulan ningunha. O Sr. Alcalde en funcións, ao non facerse ningunha alegación, proclama que a acta da sesión do día 21 de novembro de 2025 se considera aprobada sen ningunha obxección.

2.- SOLICITUDE AXUDA EMERXENCIA SOCIAL

O Sr. Secretario-Interventor da conta da solicitude da persoa interesada e da súa documentación anexa, do informe – proposta favorable da Traballadora Social, do informe de fiscalización limitada previa de requisitos básicos de conformidade da Intervención e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto da orde do día que, como o resto da documentación, consta asinada



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

dixitalmente no expediente electrónico do aplicativo Tedec e que se transcribe textualmente a continuación:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Nº EXPEDIENTE: 2025/S009/000005

OBXECTO: Concesión axuda emerxencia social P.N., K.C.

Logo de ver o expediente tramitado a solicitude da persoa coas iniciais que se indican, o informe favorable emitido pola Traballadora Social do Concello de Monfero, Dona Patricia Martínez Lago, e o informe de fiscalización previa limitada de conformidade da Intervención, e considerando que se dan as circunstancias sinaladas na Ordenanza municipal reguladora das axudas de emerxencia social do Concello de Monfero (OAESM), que consta que a instrutora do procedemento comprobou a través da consulta de interoperabilidade do aplicativo TEDEC a documentación esixida no artigo 10 da OAESM e que reúne os requisitos esixidos nela para a concesión deste tipo de axudas, e que o gasto debe de xustificarse en forma, propóñolle a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

- 1.- Conceder unha axuda de emerxencia social (art. 3.1 a, c) da OAESM para cubrir as necesidades básicas de subsistencia non cubertas por outros sistemas de protección (alimentación, roupa e/ou calzado), produtos de aseo persoal para a unidade de convivencia, sempre que non estiveran cubertos por outras axudas públicas, á persoa que responde ás iniciais P.N., K.C. que se identifica no expediente electrónico do programa TEDEC indicado anteriormente, por importe máximo de 200 euros. As compras dos produtos básicos de alimentación, de aseo persoal e hixiene doméstica, serán realizadas pola traballadora social do Concello, Patricia Martínez Lago, e se lle fará a entrega á persoa beneficiaria no Concello.
- 2.- Imputar o gasto correspondente á aplicación do orzamento en vigor 231.48100
- 3.- Notificar este acordo á persoa interesada.
- 4.- Trasladar este acordo á Traballadora Social do Concello para que proceda a realizar a compra e ao Servizo Municipal de Contabilidade, Tesourería e Nóminas para a realización das anotacións contables derivadas del.

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.

3.- XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

O Sr. Secretario-Interventor da conta do expediente tramitado, da documentación xustificativa achegada pola entidade beneficiaria, das comprobacións realizadas, da dilixencia da funcionaria que actúa como instrutora do procedemento, do informe de intervención limitada previa de requisitos básicos de conformidade e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto que se transcribe literalmente deseguido e que consta asinada dixitalmente no correspondente expediente electrónico:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

Logo de ver a solicitude e documentación presentada pola persoa interesada que se indica deseguido, xustificativa da aplicación da correspondente subvención nominativa do orzamento vixente do ano 2025, para o financiamento dos gastos que tamén se indican deseguido, segundo o convenio asinado para o efecto e as bases de execución do dito orzamento, así como a dilixencia de comprobación e informe de intervención de conformidade que constan debidamente asinados dixitalmente no expediente electrónico, propóñolle a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a xustificación presentada e que se proceda ao pagamento da subvención nominativa seguinte:

ENTIDADE	INICIAIS SOLICITANTE	OBXECTO	SUBVENCIÓN CONCEDIDA
COMISIÓN DE FESTAS DE SAN COSME E SAN DAMIÁN	ABGF	Festas de San Cosme e San Damián	1.600,00 €

Monfero, na data da sinatura dixital deste documento polo Alcalde en funcións

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta

4.- DECLARACIÓN DESERTO PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN

O Sr. Secretario-interventor dá conta deste expediente de contratación, do certificado de que non se presentaron ofertas a este procedemento aberto simplificado de selección do contratista durante o prazo concedido, e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto que, como a documentación citada, consta asinada dixitalmente no expediente electrónico do aplicativo Tedec e que se transcribe literalmente deseguido:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

Contratación de Servizo: DIRECCIÓN OBRA, DIRECCIÓN DE EXECUCIÓN E COORDINACIÓN SEGURIDADE e SAÚDE (PROXECTO REFUNDIDO DE EXECUCIÓN INTEGRAL DE EDIFICIO MUNICIPAL DESTINADO A CENTRO SOCIAL 25/09/2025)

EXPEDIENTE: 2025/C004/000001

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Concepto	Importe (€)
Dirección de obra y dirección de ejecución material (3% del PEM)	10.379,61
Coordinación de seguridad y salud (1% del PEM)	3.459,87
VALOR ESTIMADO DEL CONTRATO	13.839,48
IVA (21%)	2.906,29
PRESUPUESTO BASE DE LICITACIÓN DEL CONTRATO	16.745,77

En relación co expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES:

PRIMEIRO.- O 5 de novembro de 2025, a Xunta de goberno local acordou a aprobación do expediente, do prego de condicións particulares e o de prescricións técnicas, do gasto e a apertura do procedemento para a adxudicación deste servizo.

SEGUNDO.- A convocatoria da licitación para a citada contratación foi obxecto de publicación na Plataforma de Contratación do Sector Público (06/11-21/11/2025).

TERCEIRO.- Unha vez transcorrido o prazo para a formulación de proposicións por parte daquelas empresas que puidesen estar interesadas en participar no indicado procedemento, non concorreu ningunha empresa á licitación en cuestión.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1. Son de aplicación ao presente expediente de contratación as disposicións xerais e as relativas á adxudicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), os Pregos de Condicións Particulares e de Prescricións Técnicas que rexen a contratación, por procedemento aberto simplificado, segundo o artigo 159.1 da LCSP.

2. Procede a aplicación, sensu contrario, do artigo 150.3 da LCSP, do que se desprende que o órgano de contratación poderá declarar deserta unha licitación, ben cando non se presentasen ofertas, ben cando estas non sexan admisibles conforme aos pregos.

Propóñolle á Xunta de goberno local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Declarar deserta a adxudicación do expediente de contratación por non presentarse ningunha oferta, consonte o disposto no artigo 150 da LCSP.

Segundo.- Publicar este acordo o na plataforma de contratación electrónica,

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo"

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.

5.- CONTRATOS MENORES

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

O Sr. Secretario-interventor dá conta da documentación deste expediente de contratación e, en concreto, do prego de prescricións técnicas que define o obxecto do contrato e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto da orde do día que, como o resto da documentación, consta asinada dixitalmente no expediente electrónico que se indica a continuación, e se transcribe literalmente deseguido, informando que o procedemento para a contratación deste servizo que quedou deserto pola ausencia de licitadores tramitouse por procedemento aberto simplificado pola consideración de que se trata dun contrato cunha duración superior a un ano que entende que non encaixa por este motivo nos supostos en que é aplicable o contrato menor, como se indicará no informe:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

EXPEDIENTE CONTRATO MENOR	
Núm. Expediente:	2025/C002/000035
Órgano de contratación:	Xunta de Goberno local
Tipo:	Servizos
Obxecto:	Servizos de dirección de obra, dirección de execución material e coordinación de seguridade e saúde do PROYECTO REFUNDIDO DE EJECUCIÓN REHABILITACIÓN INTEGRAL DE EDIFICIO MUNICIPAL DESTINADO A CENTRO SOCIAL
Orzamento:	Importe:13.839,48, Ive: 2906,29, TOTAL 16745,77
Aplicación orzamentaria	2025.933.22706
Necesidade e xustificación do contrato: (art. 118.2 da Lei 9/2017)	O Concello ten a necesidade de contratar este servizo para a realización e cumprimento dos seus fins institucionais e non conta cos medios materiais nin humanos propios adecuados ou suficientes, nin pode satisfacerse a dita necesidade con ningún outro contrato ou negocio xurídico previo en vigor
Fins institucionais que pretenden satisfacerse (competencia municipal):	...outros equipamentos de su titularidade art. 25.2.d) da Lei 7/1985
Financiamento:	Municipal (fondos propios)

Para atender a necesidade a satisfacer sinalada, é preciso contratar o obxecto reflectido, que é o idóneo para cubrir a dita necesidade de forma clara, directa e proporcional, resultando entón que a actuación que se pretende contratar é a adecuada para o fin perseguido.

O obxecto do contrato non é susceptible da súa división en lotes porque os servizos comprendidos nel non teñen substantividade propia nin constitúen unha unidade funcional por si mesmas de forma independente, e/ou son inseparables, de maneira que non é posible a súa execución de maneira separada ou a súa división tería como consecuencia a perda da economía e da eficiencia pola multitude de trámites engadidos que tería o expediente.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

O Concello non conta con medios propios persoais nin materiais adecuados ou suficientes, nin pode satisfacerse a dita necesidade con ningún outro contrato ou negocio xurídico previo en vigor, o que acredita axeitadamente a insuficiencia de medios para a realización do obxecto do contrato e a necesidade da contratación dunha empresa externa para a súa realización.

A contratación que se pretende realizar non altera o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación. O obxecto do contrato trata de satisfacer unha necesidade puntual e non prevista e é único e non supón, por tanto, fraccionamento do obxecto do contrato (art. 118.3 da Lei 9/2017). O seu valor estimado é inferior aos 15.000,00 euros.

Así pois, considérase que a utilización do contrato menor como sistema para a adxudicación, é o máis axeitado pola súa simplicidade, axilidade, eficacia e economía de trámite e a reducida capacidade de xestión municipal e tendo en conta que se tramitou un expediente por procedemento aberto simplificado para esta contratación e que quedou deserto e que é moi urxente esta contratación para a correcta execución das obras e poder xustificar en prazo a subvención que as financia.

Polo exposto, propóñolle a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Iniciar o expediente de contratación referenciado ao principio.

SEGUNDO.- Informar que o contrato ao que se refire este expediente é necesario conforme se explicou anteriormente e, polo tanto, que está xustificada de maneira motivada a necesidade da contratación.

TERCEIRO.- Informar que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación dos límites previstos no artigo 118.3 da Lei 9/2017, cos argumentos expostos anteriormente.

CUARTO.- Que se emita informe polo Secretario-Interventor sobre os seguintes extremos:

- Lexislación aplicable
- Procedemento a seguir para o contrato menor
- Órgano competente para contratar
- Existencia de crédito orzamentario e a súa adecuación

QUINTO.- De existir crédito orzamentario suficiente e axeitado para o efecto, procédase a súa retención polos servizos de contabilidade e solicítase oferta ás empresas profesionais que se relacionan deseguido, que considero capacitadas para a execución do obxecto do contrato, para que, **no prazo de 3 días hábiles**, presenten a súa oferta por medios electrónicos e conforme ao modelo que se achega como anexo, facéndolles saber que non se admiten variantes e que os **criterios de adxudicación** serán:

1º.- Mellor oferta económica por prestación do servizo: **ata 48 puntos.**

A puntuación outorgarase conforme a seguinte fórmula, que permite outorgar toda a puntuación, desde o máximo (48 puntos) á mellor oferta. As ofertas que non ofrezan melloras na licitación valoraranse con 0 puntos:

$$P_n = (P_m \times O_b) / O_p$$

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Onde:

- Pn: Puntuación da oferta
- Pm: Puntuación máxima posible (48)
- Ob: Importe da oferta máis baixa
- Op: Importe da oferta para puntuar

2º.- Outros criterios de valoración das ofertas relacionados coa calidade. Ata 52 puntos

A.- Experiencia do persoal técnico adscrito á execución do contrato (tres como máximo) en direccións de obra, direccións de execución material de obras e/ou coordinacións de seguridade e saúde de obras públicas: **ata 23 puntos.**

Valorarase ata un máximo de 23 puntos a realización de servizos profesionais para obras das administracións públicas, cun orzamento de execución material (PEM) mínimo de 300.000,00 euros, nos últimos 10 anos contados ata a data de inicio de presentación de ofertas, conforme ao seguinte baremo:

- Os servizos de Dirección de Obra valoraranse con 1 punto cada Dirección Facultativa que se acredite, cun máximo de 14 puntos.
- Os servizos de Dirección de Execución Material e/ou Coordinación de Seguridade e Saúde valorarase con 0,90 puntos cada Dirección de Execución Material e/ou Coordinación de Seguridade e Saúde que se acredite, cun máximo de 9 puntos.

No caso de que varios técnicos /as adscritos/as ao servizo acrediten a súa experiencia pola mesma prestación nunha mesma obra, só serán obxecto de valoración unha vez. Por exemplo, se 2 técnicos/as realizan conxuntamente a dirección de obra, valorarase unha soa vez.

No caso de que un/a mesmo/a técnico/a adscrito/a o servizo acredite a súa experiencia pola realización de máis dunha prestación nunha mesma obra, valoraranse ambos os traballos. Por exemplo, un/a técnico/a que realízase a dirección de execución material e a coordinación de seguridade e saúde dun mesmo proxecto, valorarase polas dúas prestacións

En ningún caso valoraranse servizos que se atopen en execución e aínda non finalizados.

Para acreditar este criterio, o licitador proposto como adxudicatario deberá achegar, con anterioridade á adxudicación do contrato, xunto co resto da documentación e cos mesmos efectos para o caso de que non se presente, as resolucións administrativas, certificacións e/ou aqueloutra documentación que permitan verificar o importe do PEM e os servizos prestados polo persoal que se adscribiría ao contrato.

B.- Período de colexiación dos técnicos que se adscribirán á prestación do servizo, que serán como máximo tres, ata 20 puntos.

Valorarase con 1 punto por cada ano completo de colexiación, cun máximo de 20 puntos.

C.- Incremento da frecuencia do número de visitas á obra, ata 9 puntos.

Polo incremento na frecuencia do número de visitas dos técnicos que se asignarán á obra á semana, por encima do mínimo de dúas visitas semanais establecido no PPT, asignarase a seguinte puntuación:



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

- 3 visitas á semana: 4 puntos
- 4 visitas ou máis á semana: 9 puntos

Deberase presentar un compromiso por parte do licitador, xunto coa documentación previa á adxudicación, no mesmo prazo e cos mesmos efectos para o caso de que non se presente, especificando a frecuencia das visitas dos técnicos durante a execución da obra no municipio, indicando os días da semana nas que realizarán as visitas

A colexiación e servizos profesionais prestados (experiencia) só se poderán valorar cando corresponden aos técnicos que vaian prestar os servizos. O licitador que presente a mellor oferta, con anterioridade á adxudicación, deberá presentar os compromisos escritos destes técnicos e demostrar que, durante toda a execución do contrato, dispoñerá efectivamente deles para a súa execución, independentemente da natureza xurídica dos vínculos que teñan con eles.

Relación de Empresas ás que Solicitar Oferta:

- GABINDAL, SL
- FELIPE NUÑEL MENDEZ
- TETRAIN INGENIERIA, SLP

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta

6.- APROBACIÓN DA RELACIÓN DE FACTURAS NÚM. 061XRRSEAD/2025

O Sr. Secretario-Interventor informa sobre as facturas a aprobar, sobre a proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto da orde do día que se transcribe literalmente deseguido, sobre o seu informe de Intervención limitada previa de requisitos básicos e sobre o resto da documentación que, como a anteriormente indicada, consta asinada dixitalmente no expediente electrónico da aplicación Tedec relacionado con este punto da orde do día:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Logo de examinar a factura incluída na relación delas n.º 061XRRSEad/2025, así como o informe de Intervención que consta asinado dixitalmente no correspondente expediente electrónico, e considerando que consta acreditado que os servizos aos que se refire están realizados e por encargo e en beneficio do Concello, a quen lle corresponde atender os gastos correspondentes para poder prestar os servizos esenciais á veciñanza, que a falta de cumprimento dalgún dos requisitos esixidos non pode constituír impedimento para facer fronte a obriga de pagamento nin se poden paralizar os servizos polas dificultades na aplicación da normativa, propóñolle á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Informar que o contrato ao que se refire este expediente é necesario para poder prestar á veciñanza os servizos de competencia municipal del derivados e que, polo tanto, o

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

xustifican de maneira motivada, e que non se está alterando o seu obxecto coa fin de evitar a aplicación dos límites para consideralo como menor aos que se refire a normativa vixente de aplicación.

SEGUNDO- Informar que con data 25/11/2025 mediante resolución da Alcaldía nº 385/2025 queda levantado o reparo formulado pola Secretaría-intervención.

TERCEIRO.- Continuar coa tramitación do procedemento e recoñecer e liquidar as obrigas deste Concello correspondente aos gastos que constan no devandito expediente e que se integra na relación de facturas que se se reflicte deseguido:

RELACIÓN DE FACTURAS NÚMERO	61XRRSE/2025 CON AD
Importe total	4.254,36€
Número de facturas e gastos que contén	1
Número do Rexistro da factura	F/2025/2234

CUARTO.- Imputar o gasto correspondente á aplicación orzamentaria que nela se indica.

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

O Sr. Alcalde en funcións pregúntalle o Sr. Secretario-Interventor por que leva reparo esta factura se está adxudicado o contrato e este contéstalle que porque se trata dun contrato de servizos periódicos, repetitivos e recorrentes, supostos para os que considera que non está previsto o contrato menor, como se informou na adxudicación del, pero sen fiscalizar nese momento porque os contratos menores non están suxeitos a fiscalización na fase de adxudicación ou aprobación do gasto.

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde en funcións levantou a sesión, ás doce horas e corenta e un minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretario, certifícoo.

O Alcalde en funcións

O Secretario